



Concello do Porriño

EXP. Nº: 5726/2025

BASES DO CONCURSO NOVOS TALENTOS MUSICAIS VAL DA LOURIÑA 2025. TES TALENTO?

A Concellería de Festexos do Concello do Porriño convoca o Concurso de Novos Talentos Musicais Val da Louríña. *Tes talento?*, configúrase como un concurso musical dirixido ao descubrimento de novos talentos cuxo fin derradeiro é o de darse a coñecer en todos os seus ámbitos, impulsar actividades culturais no Concello do Porriño, así como promover músicos/as emerxentes nun concurso musical estruturado en varios concertos en directo.

Este concurso está dirixido a artistas afeccionados que desenvolven a súa vocación musical en España, en distintos estilos musicais.

As presentes bases rexerán a participación e concesión de premios para aquelas persoas que se presenten ao Concurso Novos Talentos Musicais Val da Louríña 2025. Tes Talento?

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas que o desexen, con límite de idade:

- Na modalidade infantil, ata os 15 anos inclusive
- Na modalidade de adultos/as, de 16 anos en diante

Poderán presentarse grupos musicais ata un máximo de catro compoñentes nas dúas modalidades.

2. INSCRICÓNS

O prazo de inscrición será dende o día seguinte á publicación destas bases no taboleiro de anuncios municipal e rematará o día 20 de setembro de 2025 ás 14 h, ambos os dous incluídos.

As inscricións poderán presentarse de modo presencial no Rexistro Xeral do Concello do Porriño (de luns a venres de 9 a 14 h.) ou de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello do Porriño mediante impreso normalizado que se poderá descargar da web ecultura.net

Achegarase a seguinte documentación, debidamente cuberta e asinada:

- A solicitude de inscrición, que figura como ANEXO I.
- A autorización para a participación de menores no Concurso, ANEXO II.

3. DATAS DE REALIZACIÓN

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

O concurso desenvolverase no Concello do Porriño e quedará fixado nunha **primeira fase preliminar** (pechada ao público), ou preselección, o día 26 de setembro (infantís e adultos/as)

Os **adultos** terán unha **semifinal**, celebrarase o día 4 de outubro, na praza 8 de Marzo, ás 20 h (en caso de chuvia será no Círculo Recreativo Cultural do Porriño).

A **final de infantil e de adultos** será o día 5 de outubro, ás 18 h na praza 8 de Marzo (en caso de chuvia no Pavillón Municipal de Deportes).

4. REQUISITOS DE ACTUACIÓN

Instrumentación / Backline

De cara á planificación dos concertos, a organización achegará toda a instrumentación ou *backline* necesaria para a súa realización.

Todos os/as artistas participarán coas mesmas condicións (mesmo espazo, instrumentos...), polo que o resultado dependerá da súa actuación e calidade persoal.

O tempo de actuación será de tres minutos como máximo.

É obrigatorio levar unha copia da base musical segundo indique a organización.

A temática e o idioma son libres, así coma o estilo musical escollido. Non poderán participar, quedando automaticamente excluídas, aquelas persoas concursantes que utilicen cancións con termos vulgares, ou intimidatorios, de carácter racista ou discriminatorio.

5. XURADO

O xurado estará constituído por un comité de observación e valoración de premios, e composto por unha serie de membros en número impar.

O veredicto do xurado será definitivo e os competidores aceptarán esta decisión. A votación e as decisións do xurado son inapelables.

6. PREMIOS

Os premios establecidos pola organización son os seguintes:

Persoas Adultas

- Primeiro premio: 1.000,00 € e a produción dun tema propio valorado en 600,00 €
- Segundo premio: 400,00 €
- Terceiro premio: 250,00 €

Infantís

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

- Para os/as tres finalistas clasificados/as: un lote de produtos escolares e un trofeo.

Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.

7. OBSERVACIÓNS XERAIS

Calquera aspecto da organización e/ou competición que non estea recollido nos apartados anteriores será resolto polo comité de organización.

O Concello do Porriño resérvase o dereito de modificar, se fose necesario, o desenvolvemento, o lugar, a data e a hora das actuacións.

En caso de non chegar a un número mínimo de participantes, a organización resérvase o dereito á cancelación do concurso.

O incumprimento de calquera dos apartados das presentes bases leva implícita a perda dos premios e os títulos que lle puidesen corresponder.

A participación no concurso supón a aceptación expresa e sen reservas das presentes bases. O incumprimento das bases por parte das persoas participantes determinará a súa inmediata descualificación.

8. PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios municipal e na web ecultura.net.

Documento asinado electrónicamente na marxe

PROTECCIÓN DE DATOS

Para a inscrición no concurso o Concello do Porriño tratará os seus datos coa finalidade de xestionar a mesma e a súa participación. A base do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos atribuídos ao responsable do tratamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Vos datos conservaranse mentres se manteña a finalidade, sen prexuízo dos prazos de prescrición legal. Vos seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo as que correspondan legalmente; non se elaborarán perfís de datos.

Durante o desenvolvemento do concurso, e coa finalidade de difundir a súa execución na web do Concello e/o redes sociais, tomaranse fotografías e vídeos de maneira xeneralizada ás persoas partícipes e/o asistentes.

Para ese efecto, infórmase que de acordo con a Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, as imaxes captadas non terán consideración de intromisión ilexítima, por tratarse dun suceso público no que a súa imaxe aparecerá de maneira meramente accesoria.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, correspóndese, en dpd@oporrino.org. Pode consultar co noso Delegado de Protección de datos e/o solicitar máis información na mesma dirección. Pode acudir ante a autoridade de control www.aepd.es.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1, O Porriño, 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 9LMHYL4K5FMYMP42FSZ3R4ZRL
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

